

PLAN DE
**ME
LLO
RA%**

PARA OS COMERCIOS
EN ACTIVO

11-56
12-27

* 11-56#


A TÚA ESTRATEXIA COMERCIAL É O NOSO MELLOR PLAN. PARTICIPA

000 - 0589

* 12-27

PARA OS COMERCIOS
EN ACTIVO

ME LLO RA % PLAN DE



* 11-56

* 12-27

000 - 0589

* 11-56

* 12-27

000 - 0589



compostela
capital de compras
maiscompostela.org

coa colaboración de



Máis información:

Concellaría de Promoción Económica e Comercio / Multiusos de San Lázaro, Porta 9
Tel. 981 542 493 / sae@santiagodecompostela.org / www.maiscompostela.org

PLAN DE MELLORA%

PARA OS COMERCIOS
EN ACTIVO

=====

ABERTA A PRIMEIRA FASE: PLANS INDIVIDUAIS DE MELLORA

Para participar: os establecementos interesados en participar teñen que cubrir o formulario de inscrición e entregalo en calquera dos rexistros cos que conta o Concello de Santiago. Este formulario pódese descargar da páxina web www.maiscompostela.org, ou solicitar nas oficinas da Concellaría de Promoción Económica e en Atención á Cidadanía.

Dirixido a: **todos os comercios de Santiago de Compostela**

Prazo de inscrición: **do 20 de novembro de 2009 ao 10 de decembro de 2009**

O camiño cara a mellora dos establecementos comerciais parte dunha avaliación interna de todos os ámbitos que engloba a actividade comercial e que non deben reducirse unicamente á implantación de sistemas que garantan a calidade do servizo prestado á clientela. A importancia da mellora e a innovación ponse de manifesto nun mercado en que, a práctica totalidade dos produtos atópanse en distintos establecementos.

Co obxectivo de axudar ao comercio de Compostela neste proceso, a Concellaría de Promoción Económica e Comercio pon en marcha, dentro do seu Plan Estratéxico do Comercio Compostelán, cofinanciado pola Deputación de A Coruña, un **Plan integral de mellora para os comercios en activo**.

=====

O **Plan integral de mellora para os comercios en activo** divídese en dúas fases:

1^o **Plans individuais de mellora:** cheques de consultaría

A primeira fase consiste nun servizo personalizado prestado por profesionais e destinado a 35 establecementos comerciais que participen no programa. A través dos cheques de consultaría realizarase unha diagnose e elaborarse un informe de necesidades, no que se describirán as melloras e as posibles solucións ou medidas a adoptar en tres áreas do ámbito comercial:

- = **Decoración e interiorismo:** 15 cheques de consultaría
- = **Xestión de stocks e planificación de custes:** 10 cheques de consultaría
- = **Análise da oferta comercial:** 10 cheques de consultaría

Estes cheques asignaranse en cada unha das áreas por orde de inscrición en rexistro. Un mesmo comercio poderá inscribirse para participar nunha, en dúas ou nas tres modalidades descritas.

2^o **Concurso de proxectos**

A segunda fase consiste na convocatoria dunha liña de axudas, o **Concurso de proxectos**, no primeiro trimestre do ano 2010, co obxectivo de incentivar a aplicación das melloras ou solucións propostas no informe de necesidades. Otorgaránse nove premios aos mellores proxectos presentados, dentro das categorías especificadas na primeira fase. Son:

- = **Decoración e interiorismo:** con tres premios de 5.000, 2.500 e 1.000 euros.
- = **Xestión de stocks e planificación de custes:** con tres premios de 5.000, 2.500 e 1.000 euros.
- = **Análise da oferta comercial:** con tres premios de 5.000, 2.500 e 1.000 euros.

Nesta convocatoria poderán participar todos os comercios de Compostela, aínda que os establecementos avaliados contarán cunha base moi importante para presentarse ao concurso: o informe de necesidades e posibles melloras elaborado durante a primeira fase do **Plan integral de mellora para os comercios en activo**.

A TÚA ESTRATEXIA COMERCIAL É O NOSO MELLOR PLAN. PARTICIPA

000 - 0589